

3 Desenvolve un tema a partir de documentos históricos.

Os documentos que seguen teñen como asunto central a oposición ao réxime franquista. O ámbito cronolóxico vai desde os anos de posguerra (Doc. 1) ata os derradeiros tempos da ditadura (Doc. 4), e presenta as diversas actividades levadas a cabo por sectores tamén diferentes da oposición: guerrilla (Doc. 1), movemento universitario (Doc. 2), movemento obrero (Doc. 3) e forzas políticas que se articulan cara ao remate da ditadura (Doc. 4). Na túa redacción debes tratar a variedade e evolución da oposición ao franquismo, tendo en conta as fontes documentais subministradas.

*Proba de acceso á Universidade (Comisión Interuniversitaria de Galicia), opción 2 de xuño de 2004.

DOC. 1. UN GUERRILLEIRO LEMBRA O MOVEMENTO DOS ANOS 40.

Ali onde había homes perseguidos que se viron na necesidade de fuxir, fixérono antes de caer de novo na cadea ou ante un pelotón de execución. Marcharon así ao monte homes de todas as tendencias, socialistas, anarquistas, algúns católicos e, sobre todo, numerosos militantes comunistas [...].



FRANCISCO REY, O MONCHO

Ao principio as nosas accións tiñan un carácter case exclusivamente de fuxidos que se moven organizadamente buscando puntos de apoio, falando coa xente da necesidade de crear o movemento guerrilleiro. Eramos os fuxidos, os escapados, como nos chamaba o pobo. E nesa época, no momento máis agudo da represión franquista, tivemos sempre o apoio abnegado, silencioso e incondicional do pobo. Aqueles homes que nas aldeas nos axudaban sabían perfectamente ao que se expoñían e, con todo, non vacilaban en acollernos.

Francisco Rey, O Moncho

DOC. 2. NOTICIA RECOLLIDA EN MUNDO OBRERO DUNHA MANIFESTACIÓN UNIVERSITARIA EN MADRID.

Estes potentes berros, lanzados por centos de valentes peitos xuvenís, atronaban as rúas céntricas da capital. Unha proba patente da debilidade do goberno é que non se atreveu a utilizar a policía armada para reprimir a manifestación. A forza pública recibira instrucións de retirarse [...].

Ao pasar a manifestación diante do Ministerio de Gobernación, intesificáronse os berros dos estudiantes contra a Falanxe e contra o réxime. O público acollía a manifestación cun grande alborozo, con signos emocionantes de simpatía. Os estudiantes antifranquistas foron donos ese día das rúas céntricas da capital durante preto dunha hora. O tráfico foi paralizado por completo na rúa de Alcalá.

Mundo Obrero, 1956



O DIRIXENTE SINDICAL MARCELINO CAMACHO

DOC. 3. AS ORIXES DAS COMISIÓN DAS OBREIRAS (CCOO).

A cabalo entre 1956 e 1957 xurdiu e desapareceu, nun prazo breve, unha comisión na mina asturiana *La Camocha*, para defender unha asignación de carbón aos mineiros [...]. Outras funcionaron en diversos lugares como Euskadi, Cataluña, Valencia, Andalucía, etc., sempre de forma fugaz e variada composición [...].

En Madrid iniciouse unha nova fase de Comisións Obreiras que se caracterizou polo carácter permanente desas comisións elixidas en assembleas [...]. Decidiramos servirnos da Escola Sindical de Enlaces [...] como un medio para nos coñecer e estender os nosos contactos sobre todo coas grandes empresas do metal.

Marcelino Camacho

DOC. 4. PROGRAMA DA JUNTA DEMOCRÁTICA.

O Partido Comunista de España inspirou en 1974 a formación da Junta Democrática, na que se agrupaban diversas forzas de oposición.

- 1.-A formación dun goberno provisional que substitúa ao actual [...].
- 3.-A legalización dos partidos políticos sen exclusións.
- 4.-A liberdade sindical e a restitución ao movemento obrero do patrimonio do Sindicato Vertical.
- 5.-Os dereitos de folga, de reunión e de manifestación pacífica.
- 6.-A liberdade de prensa [...].
- 8.-A neutralidade e a profesionalidade, exclusivamente militar para a defensa exterior, das forzas armadas.
- 9.-O recoñecemento, baixo a unidade do Estado español, da personalidade política dos pobos catalán, vasco e galego e das comunidades e rexións que o decidan democraticamente.
- 10.-A separación da Igrexa e do Estado [...].

Junta Democrática, 1974

A oposición ao réxime franquista comeza no territorio sometido polos militares sublevados, co inicio da guerra como única saída posible fronte á represión (fuxidos), que unha vez rematada a guerra organizaron os primeiros grupos guerrilleiros, que deixaron de actuar a principios da década de 1950. Nos anos seguintes, a oposición ao franquismo logrou espallarse entre amplos sectores da poboación española. Finalmente, a mediados dos 70, no momento da morte do ditador, a oposición constituía xa unha realidade política perfectamente organizada e de enorme peso, que constituiría un dos principais motores do cambio da ditadura á democracia.

Neste sentido, pódese establecer unha periodización da oposición ao réxime que evoluciona co cambio das décadas. Así, na **década de 1940**, na posguerra máis inmediata, o principal axente opositor ao réxime constituíron os **grupos guerrilleiros** (tamén coñecidos co nome de «maquis» ou «fuxidos»), compostos, como sinala o guerrilleiro Francisco Rey nas súas lembranzas (Doc. 1), por homes e mulleres que polas súas ideas contrarias ao réxime («socialistas, anarquistas, algúns católicos e, sobre todo, numerosos militantes comunistas») se viron na obriga de fuxir e agocharse. Eses grupos, como lembra o guerrilleiro, contaron co apoio do pobo e do **Partido Comunista** que asumiou a dirección da guerrilla neses anos. As accións da guerrilla estenderonse ao longo de toda a década de 1940, cando chegaron a planificar a invasión de España a través dos Pireneos, aínda que rematou en fracaso. A partir deste feito e como consecuencia do abandono da dirección da guerrilla polo PCE **a partir do ano 1948, a guerrilla perdería forza** considerablemente e gran parte dos seus militantes pasarían a formar parte da resistencia francesa contra a invasión alemá.

Na **década de 1950**, desenvolvéronse as primeiras folgas obreiras (tranviarios de Barcelona no 1951...) e **estudiantís**, ás que se refire a noticia recollida do xornal *Mundo Obrero* (o órgano de prensa do Partido Comunista), relativa a unha manifestación universitaria que tivo lugar en Madrid no ano 1956 (Doc. 2) na que se describe a multitudinaria participación estudiantil na manifestación de protesta «contra a Falanxe e o réxime», como se pode ler no documento. Logo desa primeira manifestación, as mobilizacións estudiantís comenzaron a ser habituals en España, incrementando a súa intensidade na década de 1960, a medida que as universidades recibían a estudiantes procedentes das clases traballadoras. Así mesmo, ao abeiro dese novo movemento de oposición ao réxime **xurdiron novas organizacións**, como a Asociación Socialista Universitaria e a Frente de Liberación Popular.

Así mesmo, a medida que avanzaba a década de 1950 e ao abeiro das novas posibilidades que ofrecía o réxime (lei de convenios colectivos, lei de folgas...), o **movemento obreiro** comezou a reorganizarse. A creación do sindicato **Comisións Obreiras**, feito ao que se refire Marcelino Camacho no Doc. 3, é un síntoma da súa fortaleza a finais da década de 1950 e inicios da de 1960. As CCOO constituíron o principal grupo de acción sindical do momento. Estaban vinculadas ao Partido Comunista e integradas por comunistas que, aproveitando a estrutura do «sindicato vertical» falanxista, lograran estender a súa influencia entre os traballadores, como sinala Marcelino Camacho, un dos dirixentes históricos dese sindicato e protagonista dos feitos. As CCOO superaron por demais as accións dos sindicatos históricos: a UGT e a CNT, pouco activos nestes anos por diversas razóns. Así mesmo, terían especial relevancia outras orga-

nizacións como a HOAC, un movemento de inspiración católica fundado como parte da misión reevangelizadora do proletariado iniciada pola Igrexa en 1946 pero que, na volta dos anos sesenta, estaba integrado por numerosos sacerdotes inspirados na doutrina do Concilio Vaticano II.

Todas esas organizacións obreiras serviron para darlle un anovado pulo ao movemento obreiro, que nese período e sobre todo a partir da **década de 1960** ocupou un posto de vanguarda na oposición ao réxime. Xunto ao **novo pulo dos partidos políticos «históricos**, como o PCE ou PSOE, este último fundamentalmente a partir do Congreso de Suresnes (París) de 1974, no que a vella garda cede o paso a novos dirixentes do interior (Felipe González, Alfonso Guerra...) e se produce o abandono do marxismo como fonte de inspiración política, nesta década prodúcese a **fundación de novas organizacións políticas situadas tanto á esquerda do PCE**, influídas polas ideas maoístas e trostkistas (MC, LCR, PCE-r, PCE m-l...), **como á dereita do PSOE**, de inspiración demócrata-cristiá ou liberal. Así mesmo, a carón desas forzas de oposición ao réxime de ámbito estatal, xurdiron e desenvolvérónse numerosas **organizacións nacionalistas** de diferentes tendencias políticas, en Galicia, concretamente, a UPG e o PSG.

Ao longo da **década de 1960** os partidos políticos de maior forza social (PSOE e PCE) iniciaron unha **nova estratexia política**: a formación de **organizacións suprapartidarias** que coordinasen o traballo de grupos afins que compartían un mesmo obxectivo. Un exemplo claro dessa estratexia foi a constitución da **Junta Democrática** en 1974 ao abeiro do PCE e integrada por outras organizacións afins como CCOO, que aspiraba ao desmantelamento e substitución do goberno, legalización de todos os partidos, dereito á folga, manifestación e reunión, recoñecemento das autonomías, separación de Igrexa e Estado... (Doc. 4). En tanto que os obxectivos perseguidos pola Junta (PCE) e pola **Plataforma**, a outra organización inspirada polo PSOE e na que participaban os demócrata-cristiáns, se agruparon na **Coordinación Democrática** en 1976, tras a morte do ditador.



XUNTANZA DA FEDERACIÓN DE GUERRILLAS DE LEÓN-GALICIA, 1942.